



Culturgal 30 de novembro.  
Pazo da Cultura de Pontevedra.  
10:00 a 14:30 e de 16:00 a 18:00

### **MESA DE TRABALLO "COMPARTINDO MULTIPLICAMOS"**

Ola a todos, neste documento imos a resumir a metodoloxía e o modo en que imos organizar as mesas de traballo na xornada do 30 de novembro en Culturgal.

Aquí tedes o link do documento que xa vos enviamos sobre a metodoloxía da mesa de traballo "Compartindo Multiplicamos" [https://dl.dropbox.com/u/5885118/Culturgal12-Foro-Axentes\\_Culturais.pdf](https://dl.dropbox.com/u/5885118/Culturgal12-Foro-Axentes_Culturais.pdf)

En este link [http://www.culturgal.com/nova\\_culturgal.php?id=1453](http://www.culturgal.com/nova_culturgal.php?id=1453) tedes un listado de persoas xa confirmadas que estarán nas mesas de traballo para que vos fagades unha idea dos perfís dos convidados.

Un par de días antes do encontro vos enviaremos un documento no que poderedes consultar as persoas que teredes na vosa mesa con vós.

### **FUNCIONAMENTO DAS MESAS DE TRABALLO**

Teremos 8 mesas de traballo con un máximo de 10 persoas por mesa. Todas as preguntas, presentacións e debates terán lugar a nivel de mesa.

En esta tabla tedes os horarios e a actividade que iremos desenvolvendo a cada unha das horas da xornada de traballo. Non vos asustedes, é moita información pero é moi simple, queríamos especificalo todo ben para que non teñades dúbidas, pero como vedes é un funcionamento moi sencillo.



HORARIO	ACTIVIDADE
9:30	Chegada ao Pazo da Cultura de Pontevedra. Acreditación.
9:30-10:00	Unha vez no Pazo da Cultura debes ir á sala de traballo (vós indicarán ónde é na entrada no momento de acreditarvos). Unha vez na sala de traballo podedes ubicarvos na mesa correspondente e dende a organización faremos un breve repaso do funcionamento da xornada.
10:00	Comenzo da mesa de traballo
10:00-10:10	Presentación do proceso e da metodoloxía de traballo.
10:10-11:00	Rolda de presentacións. Cada unha das persoas que está na mesa se presenta e presenta o seu proxecto. Tedes uns 5 minutos por persoa e seredes como moito 10 persoas por mesa.
11:00-12:00	Unha vez rematadas as presentacións pasamos ao turno de preguntas ao redor dos proxectos dos demais. Estas preguntas as pode facer calquera.
12:00-12:30	Pausa
12:30-14:30	Entrevista Colectiva na iremos formulando preguntas ao redor dos tres temas elixidos para a xornada: internacionalización, financiamento e produción/programación artística e ou cultural.
14:30-16:00	Pausa
16:00-17:45	Entrevista Colectiva na que iremos formulando preguntas ao redor dos tres temas elixidos para a xornada: internacionalización, financiamento e produción/programación artística e ou cultural.
17:45-18:00	Recollida das principais ideas xurdidas durante o día por parte do moderador da mesa. Proposta de temas para vindeiras xornadas de traballo.
18:00	Fin da mesa de traballo.



## **PREGUNTAS**

Estas son as preguntas que serán formuladas na entrevista colectiva, a duración da mesma dependerá do que vos impliqueades nas respostas e no debate en base ás respostas dos demais. Unha vez que formulamos a pregunta tedes uns 30 minutos para debater sobre cada unha delas. Haberá preguntas que seguramente non serán formuladas por falta de tempo, pero preferimos ir con material excedente.

## **PRODUCCIÓN/PROGRAMACIÓN/CREACIÓN ARTÍSTICA E/ou CULTURAL**

1. ¿Cal é o impulso que vos move para iniciar o desenvolvemento dun proxecto?
2. ¿De onde procede o impulso? persoal, investigación, necesidade dun contexto, necesidade dunha comunidade, outros...
3. Unha vez tedes a idea, durante o proceso ¿Qué relación establecedes coa comunidade?
4. Se a resposta é positiva ¿Qué ferramentas e recursos manexades para establecer o vínculo coa comunidade?
5. Unha vez tedes a idea, durante o proceso ¿Que relación establecedes co contexto?
6. Se a resposta é positiva ¿Qué ferramentas e recursos manexades para establecer unha relación co contexto?

## **FINANCIAMENTO**

1. Unha vez pensado/desenvolvido un proxecto ¿Cómo o financiades? ¿Qué recursos empregades?
2. ¿Qué pensades sobre o financiamento distribuído e sobre a implicación da comunidade no financiamento dos proxectos?
3. ¿Cales son os recursos que coñecedes e/ou que utilizades para o financiamento da cultura a nivel local, autonómico, nacional ou internacional?

## **INTERNACIONALIZACIÓN**

1. Pensades que é importante a internacionalización nos vosos proxectos ¿Por qué motivo?
2. ¿Qué obxectivos tedes coa internacionalización?
3. Podedes explicar os vosos proxectos de internacionalización... se os tedes



4. ¿Qué estratexias empregades á hora de desenvolver a internacionalización?
5. ¿Qué recursos manexades para a internacionalización dos vosos proxectos?
6. ¿Traballades en rede ou con outras persoas/colectivos ou organizacións á hora de abordar un proxecto? Con que redes, colectivos, profesionais adoitades desenvolver os vosos proxectos?
7. ¿Qué redes e/ou outros proxectos considerades interesantes como recursos, para o sector cultural?
8. ¿Cal pensades que debe ser a estratexia da administración pública autonómica e estatal en relación á internacionalización da cultura?
9. ¿Cómo debería de repercutir a internacionalización no local?